

## **BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR DO CONSERVATORIO PROFESIONAL E DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE ARZÚA**

### **1. BASE PRIMEIRA: Normas xerais**

#### **1.1. Obxecto da convocatoria**

O obxecto da presente convocatoria é a selección de varios profesores de música, a través do sistema de concurso-oposición, para realizar a función da docencia musical dentro do Conservatorio Profesional de Música de Arzúa e da Escola Municipal de Música de Arzúa.

#### **1.2. Contratación**

Os profesores serán contratados con carácter temporal, a tempo parcial, e impartirán as horas semanais que correspondan en función do número de alumnos dos que dispoñan, percibindo un salario de 15 € brutos por hora de traballo incluído o prorrateo de pagas extras, durante unha xornada laboral máxima de 35 horas semanais.

A xornada diaria de traballo establecerase no momento de subscribir o contrato sen que as horas complementarias poidan exceder dun 15 % das horas ordinarias do contrato.

A duración do contrato estenderase ao curso lectivo 2013-2014, dende o día 1 de setembro de 2013 ao 21 de xuño de 2014, sendo de aplicación ao traballador que resulte nomeado as previsións que establece a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público sobre dereitos, permisos, licenzas e descansos.

#### **1.3. Prazas convocadas**

Convócanse probas selectivas para cubrir 8 postos segundo as especialidades que a seguir se indican:

- 1 profesor/a de guitarra.
- 1 profesor/a de percusión.
- 1 profesor/a de piano.
- 1 profesor/a de tuba/trombón.
- 1 profesor/a de trompa/trompeta
- 1 profesor/a de contrabaixo/violonchelo
- 1 profesor/a de violín/viola
- 1 profesor/a de canto

#### **1.4. Normativa aplicable**

A este procedemento selectivo seralle de aplicación a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

## **1.5. Publicidade**

A convocatoria anunciarase mediante a publicación dun anuncio no periódico "El Correo Gallego" e no periódico "La Voz de Galicia" así como no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

O resto de anuncios relativos a este procedemento selectivo difundiranse mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

## **1.6. Lugar de realización das probas**

Tanto a valoración dos méritos como o desenvolvemento do exercicio de oposición terán lugar nas dependencias do Concello de Arzúa na data e hora que se fixe na lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

## **2. BASE SEGUNDA: Requisitos que deben reunir os aspirantes**

Para ser admitido no procedemento selectivo convocado, os aspirantes deberá reunir os seguintes requisitos:

### **2.1. Requisitos xerais**

- A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- B) Ter cumpridos dezaseis anos e non ter alcanzado a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.
- C) Estar en posesión ou reunir as condicións para a expedición dalgún dos seguintes títulos:
  - Título de profesor superior ou título de profesor do Plan 66 que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música.
  - Título superior de música regulado pola Ley Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación General del Sistema Educativo.
  - Título superior de música regulado pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No caso de que estes títulos se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 285/2004, do 20 de febreiro (BOE do 4 de marzo), ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE, do Consello das Comunidades Europeas, do 21 de decembro de 1988.

- D) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes á especialidade a que se opta.
- E) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes aos que se refire o apartado 1, cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

- F) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

## **2.2. Prazo en que deben reunirse os requisitos**

Todas as condicións e requisitos relacionados nesta base deberán posuírse o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse hasta o momento do nomeamento como profesor do conservatorio.

## **3. BASE TERCEIRA: Presentación de instancias**

### **3.1. Solicitudes**

A solicitude para participar nas probas selectivas deberá efectuarse cumprimentando a instancia conforme o **ANEXO I** destas bases, que se presentará nalgún dos lugares previstos no apartado 3.3 desta convocatoria. A instancia deberá ir acompañada dun curriculum vitae do/a aspirante e de orixinal ou fotocopia compulsada da seguinte documentación:

- documento nacional de identidade
- titulación esixida conforme ao disposto na base segunda, apartado 2.1.C), ou certificación académica de ter rematado os estudos para a obtención do título correspondente, xunto coa fotocopia compulsada do recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición.

No caso das titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de mestre

- documentación xustificativa dos méritos a alegar, no seu caso

Ademais, os aspirantes terán que axuntar á súa instancia unha UNIDADE DIDÁCTICA cunha extensión non superior a 10 páxinas (anexos sen límite), en letra arial 12, a dobre espazo. Nas especialidades de: tuba/trombón, trompa/trompeta, contrabaixo/violonchelo e violín/viola, os aspirantes presentarán unha única unidade didáctica, elixida libremente entre as dúas especialidades de que se trate.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación, salvo que se opte por máis dunha especialidade, en cuxo caso presentaranse tantas unidades didácticas como especialidades, tendo en conta o disposto no parágrafo anterior.

### **3.2. Lugar de presentación das solicitudes**

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde do Concello de Arzúa e presentaranse:

- No Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.
- En calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de que optase por presentar a solicitude ante una oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada, e deberán remitir unha copia da solicitude, unha vez selada, mediante fax (981 500 914), dirixida ao Alcalde-Presidente do Concello de Arzúa, en calquera momento antes de expirar o prazo de presentación de solicitudes.

### **3.3. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no último dos periódicos en que apareza ("El Correo Gallego" o "La Voz de Galicia") de conformidade co disposto na base 1.5.

## **4. BASE CUARTA: Admisión de aspirantes**

### **4.1. Lista provisoria de aspirantes admitidos/as e excluídos/as**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase por resolución da Alcaldía no Taboleiro de Edictos do Concello a lista provisoria de admitidos e excluídos. Nesta lista aparecerán, nome, apelidos, número do documento nacional de identidade e especialidade pola que concorren os aspirantes. No caso de haber aspirantes excluídos provisionalmente, especificarase a causa da súa exclusión, concedéndoselles un prazo de tres días hábiles dende o seguinte ao da publicación no Taboleiro de Edictos do concello para subsanar os erros ou defectos que houbera.

Dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as.

### **4.2. Lista definitiva do persoal admitido e excluído**

A resolución pola que se aproba lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

No caso de habelos, elaborárase posteriormente unha nova lista cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o apartado anterior, que será igualmente exposta no Taboleiro de Anuncios.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nesta convocatoria. Cando da documentación que deba presentarse no caso de resultar seleccionados se desprenda que non posúen algún deles, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

A lista definitiva indicará o lugar, data e hora da valoración de méritos; así como a composición do tribunal de selección.

## **5. BASE QUINTA: Órganos de selección**

### **5.1. Composición do tribunal**

O tribunal estará composto por un presidente, dous vocais e un secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación igual ou superior á esixida aos aspirantes como requisito para participar na convocatoria, e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, debendo estar presentes o/a Presidente/a e o Secretario/a en todo caso.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, que colaborarán co órgano de selección unicamente no exercicio das súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando neles concorran circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando se deran calquera das citadas circunstancias.

### **5.3. Constitución do tribunal**

O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza do Presidente e do Secretario.

O tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo. A súa actuación axustarase ao establecido nas presentes bases e na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, como nas demais normas que resulten de aplicación.

### **5.4. Funcións do tribunal**

O tribunal actuará con plena autonomía funcional e será responsable da obxectividade do procedemento, garantindo o cumprimento das bases da convocatoria.

O tribunal terá as seguintes funcións:

- A cualificación dos méritos dos aspirantes.
- A cualificación das unidades didácticas que constitúen o exercicio de oposición.
- A toma de acordos para solventar todas aquelas cuestións que puideran xurdir e non foran contempladas expresamente nas bases da convocatoria.
- A resolución das posibles reclamacións contra o desenvolvemento do procedemento selectivo e os resultados do concurso-oposición.

## **6. BASE SEXTA: Proceso selectivo**

### **6.1. Sistema de selección**

A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición.

### **6.2. Fases do proceso de selección**

#### **6.2.1. Fase de concurso**

No concurso, que en ningún caso terá carácter eliminatorio, o tribunal valorará os méritos que concorran nos aspirantes ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes sinalado no apartado 3.3 da base terceira, conforme o baremo que se inclúe como **ANEXO II** desta convocatoria, e de acordo coa opción e cos documentos presentados polos aspirantes xunto coa solicitude.

A puntuación máxima no apartado de méritos será de 8 puntos, conforme á puntuación máxima establecida para cada apartado no **ANEXO II**, e publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello indicando o lugar, data e hora prevista para a realización da fase de oposición.

#### **6.2.2. Fase de oposición**

A fase de oposición consistirá na defensa e exposición ante o tribunal da unidade didáctica presentada por cada un dos aspirantes.

O tribunal poderá realizar aos opositores preguntas de carácter técnico sobre a unidade didáctica, ben para resolver calquera dúbida que lle poda xurdir en relación coa súa exposición, ou ben para comprobar os coñecementos do aspirante sobre a mesma.

O aspirante disporá dun tempo de 15 minutos como máximo para a súa exposición, aos que se poderán engadir os que sexan necesarios para responder ás preguntas ás que se refire o parágrafo anterior.

A unidade didáctica será valorada no seu conxunto (contido, exposición, respostas ás preguntas do tribunal) aplicándolle unha puntuación máxima de 20 puntos.

### **6.3. Cualificación final**

Unha vez rematada a valoración dos méritos e da fase de oposición, o tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello a relación dos aspirantes por orde de puntuación, coa especificación da mesma.

A cualificación final do proceso de selección virá determinada pola suma da puntuación correspondente ás dúas fases: concurso e oposición.

O Tribunal cualificador propondrá ao Alcalde a contratación daquel aspirante que obtivera a maior puntuación segundo a especialidade de que se trate.

No suposto de que o aspirante proposto non puidera acreditar os requisitos necesarios para ser contratado ou renunciase a tal contratación, a proposta de contratación recaerá a favor do seguinte aspirante/s por orde de puntuación.

### **6.4. Resolución de posibles empates na puntuación final**

No caso de empate, os aspirantes empatados terán que realizar unha entrevista para desempatar. Para a realización desta entrevista, os aspirantes serán convocados polo tribunal na data, lugar e hora indicada no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto cos resultados da fase de cualificación.

O tribunal convocará aos aspirantes en chamamento único, sendo excluídos quenes non comparezan, salvo casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal cualificador.

Seguirase coma orde de actuación dos aspirantes o da presentación das súas respectivas instancias no Rexistro Xeral do Concello de Arzúa.

A entrevista versará sobre o curriculum vitae do aspirante e a adecuación e coñecementos do mesmo en relación co posto de traballo. O Tribunal poderá formular aos aspirantes as preguntas que considere oportunas, tanto de carácter teórico como en relación á súa experiencia profesional.

A entrevista será valorada de 1 a 5 puntos, e o aspirante que obteña máis puntuación será proposto para ocupar o posto de traballo.

### **6.5. Devolución da documentación**

Os aspirantes que presenten documentación oficial orixinal, poderán solicitar a súa devolución

unha vez rematado o procedemento selectivo no concello. A documentación presentada en fotocopias compulsadas non será devolta en ningún caso aos aspirantes.

## **7. BASE SÉTIMA: Presentación de documentos**

Os aspirantes propostos disporán dun prazo de tres días hábiles -contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio a que se refire a base 6.4- para achegar os documentos que procedan para que se poida formalizar a súa contratación.

Ditos documentos son:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

b) Declaración xurada ou promesa de que non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública, e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, así como de non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade do persoal ao servizo das administracións públicas conforme á normativa vixente.  
**(ANEXO III)**

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_  
con D.N.I. \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ anos de idade, natural de \_\_\_\_\_, con domicilio habitual na rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_, da localidade de \_\_\_\_\_, Provincia \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Teléfono/s \_\_\_\_\_  
Dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_

#### **EXPÓN:**

Que crendo reunir os requisitos que sinalan as bases da convocatoria como profesor para o Conservatorio Profesional de Música e a Escola Municipal de Música de Arzúa,

#### **SOLICITA:**

Tomar parte nas probas de selección mediante o sistema de concurso-oposición para a especialidade instrumental de \_\_\_\_\_, para o que adxunta a documentación (orixinal ou mediante copia compulsada) sinalada cun X na seguinte relación:

- D.N.I.
- Curriculum Vitae.
- Documentación acreditativa dos méritos enumerados no ANEXO II
- Unidade didáctica na especialidade instrumental anteriormente sinalada.
- Título/s de:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Manifestando así mesmo, que acepta as condicións e mailos compromisos que figuran nas bases da presente convocatoria.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Sinatura do solicitante

**Alcalde - Presidente do Concello de Arzúa**



## ANEXO II

### BAREMO DE MÉRITOS

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
<b>1. Experiencia docente (máximo 4 puntos)</b>		
1.1. <u>Por cada ano de experiencia docente na especialidade á que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos</u>	1,000	<p>Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de conservatorios profesionais de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.1. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.2. <u>Por cada ano de experiencia docente en especialidades diferentes ás que opta o aspirante en conservatorios profesionais públicos</u>	0,500	<p>Certificación do secretario do centro co visto e prace do director, na que debe constar a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia compulsada deles, na que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de conservatorios profesionais de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.2. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.3. <u>Por cada ano de experiencia docente na especialidade á que opta o aspirante noutros centros (centros autorizados, escolas de música, academias privadas)</u>	0,500	<p>Certificación do director do centro na que conste a data de toma de posesión e cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de escolas de música de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.3. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
1.4. <u>Por cada ano de experiencia docente en especialidades diferentes ás que opta o aspirante noutros centros (centros autorizados, escolas de música, academias privadas)</u>	0,250	<p>Certificación do director do centro na que conste a data de tomade posesión e cesamento e a especialidade</p> <p>No caso de escolas de música de titularidade municipal, a acreditación dos méritos a que se refire este apartado 1.3. realizarase mediante certificación do secretario do concello co visto e prace do alcalde, na que debe constar a especialidade na que se prestaron os servizos así como o tempo de prestación dos mesmos</p>
<b>2. Formación académica (máximo 2 puntos)</b>		
2.1. <u>Expediente académico no título alegado sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para o ingreso no conservatorio; valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:</u>		<p>Certificación académica persoal orixinal ou fotocopia cotexada, na que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado</p>

2.1.1. Dende 6,00 e ata 7,50	0,500	
2.1.2. Dende 7,51 e ata 10	1,000	
<b>2.2. Doutoramento e premios extraordinarios:</b>		
2.2.1. Por posuír o título de doutor (na titulación alegada para ingreso no conservatorio), máster ou título de posgrado	1,000	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, do aboamento dos dereitos de expedición, conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo)
2.2.2. Por obter premio extraordinario no doutoramento da titulación alegada para o ingreso no conservatorio	0,500	Documento xustificativo
2.2.3. Por obter premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no conservatorio	0,500	Documento xustificativo
2.3. <u>Por cada título superior de formación profesional:</u>	0,200	Certificación académica ou fotocopia cotexada do título ou, se é o caso, certificación do aboamento dos dereitos de expedición conforme a Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo)
<b>3. Outros méritos (máximo 2 puntos)</b>		
3.1. <u>Por cursos superados, relacionados co ensino, organizados polas administracións educativas, por conservatorios e escolas de música públicas ou por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas anteditas administracións, así como os organizados polas universidades: puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10</u>	Ata 1,000	Certificado deles no que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación
3.2. <u>Por outras actividades de formación ou perfeccionamento</u>	Ata 0,500	Certificado deles
3.3. <u>Méritos artísticos relacionados coa especialidade á que aspire:</u> -Por composicións estreadas, concertos como solistas ou obras literarias de consulta e científicas publicadas -Por premios en certames, festivais e en concurso de ámbito nacional e internacional	Ata 1,000	Orixinal ou fotocopia cotexada de programas, exemplares, críticas, publicacións, etc.
<b>3.4. Coñecemento da lingua galega:</b>		
3.4.1. Nivel de iniciación ou equivalente	0,100	Orixinal ou fotocopia cotexada do diploma, ou validación do curso de iniciación en lingua galega
3.4.2. Nivel de perfeccionamento ou equivalente	0,250	Orixinal ou fotocopia cotexada do diploma, ou validación do curso de perfeccionamento en lingua galega
3.4.3. Celga 5; título de licenciado en filoloxía galega ou filoloxía hispánica (subsección de galego-portugués); calquera licenciatura ou diplomatura con 18 créditos cursados de lingua galega e o Celga 4; ou os certificados de ciclo superior de galego das escolas oficiais de idiomas	0,500	Orixinal ou fotocopia cotexada do diploma acreditativo

**Puntualizacións:**

a) Para os efectos do apartado 1:

- Non se poderán acumular as puntuacións cando os servizos fosen prestados simultaneamente en máis dun centro docente.
- Os servizos prestados no estranxeiro acreditaranse mediante certificados expedidos polos ministerios de Educación dos respectivos países ou autoridades públicas competentes en que deberán constar o tempo de prestación de servizos e o carácter de centro público ou privado, o nivel educativo e a materia impartida. Os ditos certificados deberán presentarse traducidos ao galego ou, no seu defecto, ao castelán.
- Cando non se acredite a materia impartida ou esta non coincida con algunha das especialidades obxecto desta convocatoria, os servizos entenderanse prestados en distinta especialidade a que se opta, segundo corresponda.

b) Nas seguintes epígrafes, por cada mes súmanse as seguintes puntuacións:

- epígrafe 1.1: 0,0583 puntos.
- epígrafe 1.2: 0,0291 puntos.
- epígrafe 1.3: 0,0125 puntos.
- epígrafe 1.4: 0,0083 puntos.

c) Para a obtención da nota media do expediente académico do apartado 2.1, nos casos en que non figure a expresión numérica completa aplicaranse as seguintes equivalencias, con independencia da convocatoria en que se obtivesen:

- Aprobado e apto: cinco puntos.
- Ben: seis puntos.
- Notable: sete puntos.
- Sobresaliente: nove puntos.
- Matrícula de honra: dez puntos.

d) En ningún caso serán valorados aqueles cursos que teñan como finalidade a obtención dun título académico.

**ANEXO III**

**MODELO DE DECLARACIÓN**

Don/a \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_ e con domicilio en \_\_\_\_\_, declaro  
baixo xuramento/promesa, para os efectos de ser nomeado/a profesor/a do Conservatorio Profesional e  
da Escola Municipal de Música de Arzúa, que non fun separado/a do servizo de ningunha das  
administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas; e que non incorro  
en ningunha causa de incompatibilidade ou de incapacidade conforme á normativa vixente.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013

Asdo.: \_\_\_\_\_

**Alcalde - Presidente do Concello de Arzúa**